


1.º premio do IX Concurso literario Mazarelos (2023)

Abel Lorenzo-Rodríguez

Os sucesos



Os sucesos

Abel Lorenzo-Rodríguez

*¿Qué pasa ó redor de min?
¿Qué me pasa qu'eu non sei?
Teño medo d'un-ha cousa
Que vive e que non se vé.*

A AVALON RETORNAN RENACIDOS COMA ANIMAIS DOENTES
que se agochan para morrer e expirar quedos
chorando por reencontros doutra vida
Bergman fuxe a Fårö e Arturo sementa o mar con Morgana
para non-morrer presos dunha condena ó desterro
Aristóteles fendía o exilio así, Napoleón, Sebastião en corentena
agardando pisar patrias contaminadas.
Se o fatalismo nos fai profundos e invisíbeis,
por que non adiantar esa hora fatal
buscando o tobo orixinal e cálido que se curva baixo os pés?

Alí a morte dálle as costas á auga, nadando coa corrente,
lanzando as mazás ós inmortais, golpeándoos.
Seguro que ningún regresa xa.

MIÑA IRMÁ, MIÑA IRMÁ,
cativa nos muros do limbo,
coágulo nunha cama,
reliquia zoolóxica,
ventre baleiro,
respiración sen peito,
afundida en néctares velenosos,
alma a destempo,
orfa luz do día que non toca a súa pel,
lúa que non a arrola na escuridade.

Agardabámola como unha descoñecida,
todos sentados á mesa como só fan as familias pobres os domingos,
en pleno inverno ou no medio da noite,
coa casa limpa, os zapatos novos e as mantas ulindo a xabón.
Unha ridícula cama branca, o berce-sepulcro da visitante,
arde agora para nós quece-las mans.
Había anxos con ás de colibrí
mentres eu
coa man esquerda diciálles adeus
ós fillos que non tiveron
ás irmás que nunca naceron
ós antepasados que nunca coñecín
nas multitudes de anónimos e almas
que agora descansaban vermellos
en botes de marmelada
como un osario a destempo.

Atopeite coma quen busca auga na terra
e é aquel médico que con precisión
pica na vea e fai agroma-lo sangue.
O arrecendo amargo do ferro
a alegría baixo as pedras
buscando a terra negra
a que estraño país cheguei
fundación e nome
con que animais comparto o alento.

Miña irmá, a invocada e desexada,
agardándote coas mans abertas,
e agora,
coa tumba dunha lápida branca e pulida,
sen nome e sen nacemento,
aquí os espreitados e esquecidos
os que nacemos e nunca morremos
os que morremos e nunca nacemos,
mais ti non-nacida e xamais morta
soterrada baixo as pálpebras.
Miña irmá, miña irmá,
ventre baleirado,
víscera beata.

AQUÍ TE-LAS MIÑAS VÍSCERAS,
preparadas para ti,
da escuridade á que volves e na que cres,
na monarquía dos sentidos
tes unha tarefa de amor e inquedanza
embaixo das nubes.
Que difícil é querer-te tan de cerca,
neste tempo de proba
agárdote en caixas de pureza,
fai ti cala-las miñas cinsas,
aleita as miñas sombras
cando chegue a este país que anoitece,
a cidade incline as súas casas alumeadas
como noivas entrando nunha capela,
cisnes ausculten as augas brancas
novos abismos se clausuren á intemperie da beleza,
onde ti me limpes con lume e sal,
e a maxia sexa á fin eficaz e breve.

SOLARIUM (sobre unha foto de Birkenau)
Celebrémo-lo abismo
na abertura branca
entre o enxame.
Benvido aire frío
eu collo a túa voz como unha capela
de cristal azul,
luz de cápsulas
vexetal e vidrosa.
Detrás dos relicarios sen nome
un obxecto sen lugar
as caixas áureas
e as sombras detrás
de si mesmas.
Eu saúdote
coa miña man de aire
na morgue
onde sempre será inverno.
E no solarium
dos verdugos, o seu descanso,
alí senten a luz precipitarse sobre eles
pensando o milagre como retorno
ó lume primixenio
á xénese.
Con escasa información,
senten a eternidade nos peitos.

O REI MARK DESCOBRE A SÚA CARA NA FONTE:
a reprodución fría e asexuada das píntegas,
o aire canso dos cuartos,
o alento das bestas durmindo,
a brétema de pantasma espida,
o fácil descenso,
a beleza exiliada e carnívora,
os fillos dos servos o día anterior.

Tiña a gloria contida dos benxamíns
e os pensamentos máis íntimos
como repeticións pasadas.
Os ocos da alma e os ecos da razón
finxida e asaltada,
como fume
danza e elévase denantes de esvaecer
anxo breve.

A carne ten os seus propios pesadelos
de líquidos que foxen ás presas
e agóchanse baixo o mundo,
anticipación terríbel do cadáver vivo,
sangue sobre terra branca,
seme sobre auga verde,
linfa nos sumidoiros da historia.
O mesmo rostro que aparecera na neve
retorna agora na herba medrada
cando era un neno limpo
de carne inocente e mans perfumadas
coma se estes restos de osos cándidos
fosen polos moitos diluvios
descubertos aquí e acolá
en frías covas alpinas,
reliquias do asolagamento.

PRIMAVERA SAGRADA

que mata os años
co leite aínda na boca,
que pincha as cerdeiras en abril
e torce os gomos de froitos e cartilaxes
sen considera-lo desperdicio de inocencia
que se consome na la branca da ira.
Berra a carne,
canta a herba.

EN DÍA DE DEFUNTOS,
ósos ocos, cunchas prehistóricas
máis sagradas que o papel xa escrito das cartas,
osarios brancos que reverberan.
Honreivos hoxe con flores roubadas
esta morte a destempo
con auga e xabón, coma libación hixiénica
o intre agarimado diante túa
coa lista de desexos e novas.
A ti e a min,
o inverno chegou ás nosas vísceras,
pendurado dun alto,
cruzado de nai a nai.

Aniversarios de morte e nacemento,
que á sucesión completa dos anos lle deben a perda de privilexios e prestixio das festas
senaladas, antes sagradas, que agora só recordan
a monotonía exaltada de sobrevivir.
Entón está esa voz tépeda que remata,
mais non, e permanece.

VOLVÍN Á ALDEA,
a dos xerseis negros de la e suor,
a dos corvos de traxes perfectos e brillantes
a dos tenros chans de bosque,
a dos ríos retrocedendo de noite afastándose
até chegar ás orixes e parir na pedra
o seu comezo.
Mais eu que tornei
non podía vivir entre os paxaros
e compartir con eles
esa ánima de aire nos ósos
porque axiña andaban outros
a roubárno-la terra baixo os pés.
Sigo descubrindo as dobreces dos outeiros

SUBÍN A ESTE HÓRREO
pola esqueira de Xacobe
cuarto propio e seco do millo,
templo e panteón doméstico
para estes idólatras do pan,
casiña baleira do deus da fame
dun lugar a outro o vento crúzaa
indiferente coma cometas que chegasen tarde.

OS MEUS TÍOS SERVOS E CÉLIBES,
que axitaban o anxo de fariña que axexa
entre o sono de mel e insectos
e hai un ruído branco a virxindade
a animal asustado e lento
incapaz de aquela-la paz entre a carne,
paxaro espido.

Peluche con ósos, silencio horizontal,
cinguido ó lume, animal carnívoro.
Arriba as estrelas semellan máis tépedas
e abaixo as mulleres acochan sapos baixo a terra
e toupas que a labran, cegas.
Mazás nudistas, ósos e faces,
eunucos sen pazo,
o mal cae no mar,
cans e lobos convocan
dende o abismo a tristura incorpórea das almas.
Bieita esterilidade de fame e golpes,
con que soñan os servos?

HUMIDADE

a mocidade picada de aves negras a froita calada de Zurbarán,
o dogma suspirado e barroco cuspir tan alto o teu nome e que desapareza na altura.

A estes ventres desterrados, desfilladas peles de fungo e lique, humidade fría de futuras
euforias, serpes de inverno e musgo de corrosión frías mans lapidadas que combaten a
acubillada escuridade de decembro,
lesmas sobre madeira, roupa limpa de cama e de loito clarexando no abismo.
Unha ferida que nunca pecha nin sangra e sempre aberta á incredulidade dos meus dous
dedos.

O loito devorando famento a luz do día.

SILENCIO,
a boca é a ferida e as verbas o novo sangue,
transparente como o encerro
até que chova e a auga limpe
as rúas lixadas deixando ceibas as miñas mans
que agardan crucificadas no aire,
na vida cerimonial a ledicia lenta, cando a luz nos consuma.

AS SILENTES

Imaxínome construíndo unha cabana no abismo para gardarvos,
vivindo esta sensación de comezo como un mediodía
e todo aquel afecto soterrado en pequenas caixas de rapé
saíndo agora ó exterior, agromando sementes antigas.
Ata o verde se pregunta se a nova planta
terá flores ou tan só dentes.

Imaxino os comedores de patacas
sandando as miñas feridas con terra,
resucítame, divídeme e volve sementarme
dividida coma os mapas
cos meus tocos de cinsa penitencial
agardando como só fan os réptiles e os paxaros
volvendo ser noutras raíces
de terra e amidón
alimento de rato, soño do vinculeiro,
semente da fame.

Quería chegar ata primavera
para saber se podías florecer
e habita-la casa
coma se non houberse ninguén
totalmente discreto para o aire.

Para ti nazo coma a paz
axeitándose ás articulacións
en fácil e branco encaixe
roupa íntima da terra.

AS MATERNAS MANS LIMPAS DE LIXIVIA
como falan da vida paralela que non ten outra
a suor ácida de meu pai
sentado quedo eu nos sofás dos patróns
eles -que me fitan con curiosidade-
como se me quixesen adoptar
antes de que os meus ósos se alonguen.

Teñen barcos en vitrinas,
brillantes cadelos de porcelana,
relicarios laicos, soberbios e calados libros
sabas brancas de hixiene inhumana
e un canino débil e frío
que morde a fertilidade da noite
en refinada dominación.

Non perdoarei que non me deixedes participar
das vosas corrupcións
e á beira dos paxaros me fixerades un niño
coma un tobo aéreo e perfecto
no cumio das árbores
onde non chegan as serpes de ollos brillantes
nin a neve,
porque tampouco eu alí vos toparei,
nin o vento,
os que non volveron da morte
porque estaban nostáxicos desta escuridade
e disfrutaban, breves e suficientes,
da destrución, para non fallar.

UNHA FOTO DE ANNA TURBAU
Bonaval ten unha lápida
de mármore e aire azul
unha gaiola vidrosa
que é repetición e ensaio
do paraíso inexacto.

Detrás do xeo
as flores e os vivos
asisten á revelación
como unha luz que amansa feras.

NADA SUCEDE Ó REDOR.

A noite vixíate e cóidate
non podo entender agosto
nin as afastadas miradas de tigre
ás que non accederei,
o día comeza anoitecendo
como a fermosura das mulleres
que sorrín enloitadas, a min,
prematuro fillo,
mentíndolles ós ceos.

Eu, esposo do tempo,
Indemne á luz branca
a miña pel non é lenzo
se non dos teus lóstregos.